

## Por que parece que ningún médico de familia quere traballar nos PACs?

Begoña Peiteado Garrido  
Médica do PAC de Vigo.

Cad Aten Primaria  
Ano 2009  
Volume 16  
Páx. 267-268

Hai unhas semanas aparecía nun xornal de Vigo un artigo sobre os PACs de Galiza e unha das súas grandes afirmacións era que resultan servizos moi pouco resolutivos. De principio pensei que quizais estaba de acordo con esa afirmación (escaseza de medios, en canto un paciente precisa unha proba complementaria hai que derivalo ao seguinte nivel), pero despois de reflexionar sobre o tema empecei a pensar nos miles de servizos a domicilio e na vía pública que se realizan nos distintos PACs do país, só no meu realizáronse no ano 2009 máis de 4000 de este tipo de atencións (pódense votar contas de cantos saen por día), e refírome a atencións realizadas por persoal do propio PAC, non polo O61, como tantas veces pensan os cidadáns. Hai algúns pacientes aos que acudimos tantas veces ás súas casas que ata parece que somos os seus médicos de cabeceira: pacientes maiores, encamados, con demencia, que as súas familias se senten pouco atendidas ou que están desbordadas pola súas situacións.

Que dicir das atencións a pacientes psiquiátricos (estes sí que son o noso auténtico cupo, coñecidos sempre por todo o servizo), das asistencias en casos de conflitos familiares, discusións nas casas ou na rúa, casos de precariedade social, temas xudiciais... en moitas destas ocasións vémonos solucionando temas que cremos que exceden a nosa competencia (cantas veces as forzas de seguridade esperando polos sanitarios para subir ao domicilio dunha persoa que segundo din os familiares está ameazando cun coitelo ???).

E por suposto están os centos de miles de pacientes que se atenden nos propios centros. Onde acudirían estes pacientes se non fosen ao PAC?

Así que malia que sexa necesario algún cambio na organización dos PACs, en base a criterios de racionalidade e tendo en conta a situación de escaseza de persoal médico na que vivimos, non podo aceptar de maneira algunha que os PACs sexan pouco resolutivos.

Este desprezo que sentimos os que traballamos nos PACs por parte da administración, e ata ás veces por parte dalgún compañeiro,

penso que pode influír en que moitos médicos de familia non queiran traballar neles e, non obstante, sí hai aspectos nos que resulta un traballo interesante e satisfactorio como por exemplo a atención a pacientes en situación de cuidados paliativos. As súas familias saben que contan con nós para calquera problema que xurda a calquera hora do día. Son casos que con frecuencia producen a certidume dun traballo ben feito.

Esa sensación de ser médico de alomenos segunda categoría é un aspecto que condiciona moito á hora de elixir traballar nun PAC, porque despois de moito loitar e de acadar considerables melloras nos aspectos de situación laboral, tipo de contrato, retribucións, etc, empreso, á hora de reclamar os nosos dereitos parece que non somos merecedores deles. Calquera traballador do Sergas de calquera centro, categoría, nivel, posto, etc ten unha serie de dereitos que en cambio a nós se nos negan, se nos "racanean" ou se nos fan pagar dalgún xeito. Tí, médico que non traballa en PAC, algunha vez se che dixo que non podías pedir un día de libre disposición por ter estado en situación de incapacidade laboral previamente? Entenderías que se che descontasen cartos da túa nómina por pedir un permiso por falecemento dun familiar, ou por solicitar un permiso para realizar algunha actividade formativa, ou por acudir á OPE? Pois isto está a ocorrer co persoal sanitario dos PACs, e non é algo casual ou un erro informático senón que é algo feito a sabendas pola nosa administración.

Difícilmente podo imaxinar unha situación na que os PACs non existisen, non vexo como se organizaría a atención urxente sobre todo a domicilio, por iso malia que, como dixen antes, pode ser necesaria algunha reorganización, non me parece posible o peche de PACs, uns polo volume de poboación que atenden e outros por criterios xeográficos: polo territorio que abranguen ou pola distancia aos hospitais.

Eu entendo o PAC como un servizo máis dentro da atención primaria, da atención primeira e máis achegada ao cidadán, cuxo obxecti-

vo é a rápida resolución de problemas que non poden esperar. Aínda que penso que quizais non sexa un posto de traballo para toda a vida, dados os inconvenientes de traballar de noite e en festivos, sí que resulta un traballo interesante para un médico de familia, nun ámbito onde poder desenvolver aptitudes para actuar en casos de emerxencia, que se poden presentar despois en calquera ámbito de traballo médico, e onde se realiza un auténtico traballo en equipo, que ás veces pode resultar difícil na actividade ordinaria.

Entre todos debemos traballar para que o médico de PAC sexa visto como o que é, un médico de familia máis, que desenvolve a súa labor nun ámbito específico da atención primaria e que polo tanto debe ter a mesma consideración que calquera outro médico de familia. Por iso animo a todos os médicos de PAC a participar máis activamente na nosa sociedade, a dar a coñecer máis a fondo o noso traballo e a camiñar día a día cara á desaparición das diferenzas entre os médicos de familia.